

A NUTRICIÓN: APARELLOS DIXESTIVO E RESPIRATORIO

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

- 1** Cales son os nutrientes orgánicos?
- a. Glúcidos, lípidos, proteínas e vitaminas.
- b. Glúcidos, lípidos, proteínas e minerais.
- c. Glúcidos, lípidos e auga.
- d. Sales minerais e auga.
- 2** Cales dos seguintes órganos forman parte do tubo dixestivo?
- a. Esófago, estómago e fígado.
- b. Esófago, estómago e páncreas.
- c. Esófago, estómago e intestino delgado.
- d. Esófago, estómago e glándulas salivares.
- 3** A absorción consiste en que:
- a. Os nutrientes pasan ao sangue e á linfa.
- b. Os nutrientes chegan ao estómago.
- c. Os nutrientes son triturados e insalivados.
- d. Os nutrientes pasan do estómago ao intestino.
- 4** Que parte do tubo dixestivo é a máis longa?
- a. O esófago.
- b. O intestino groso.
- c. O intestino delgado.
- d. A farinxe.
- 5** Que degradan principalmente os zumes gástricos?
- a. Glúcidos.
- b. Proteínas.
- c. Lípidos.
- d. Vitaminas.
- 6** En cal dos seguintes órganos é onde se sitúan as cordas vocais que nos permiten emitir sons?
- a. A larinxe.
- b. A farinxe.
- c. A traquea.
- d. Os bronquios.
- 7** Por que é máis conveniente que respiremos polo nariz ca pola boca?
- a. Porque os pelos do nariz actúan como un cepillo que atrapa moléculas de po.
- b. Porque nas fosas nasais quece o aire.
- c. Porque nas fosas nasais humedécese o aire.
- d. Todas as anteriores son certas.
- 8** Que músculos nos axudan na respiración?
- a. Os músculos intercostais.
- b. O diafragma.
- c. Os músculos intercostais e o diafragma.
- d. Os músculos intercostais, os peitorais e o diafragma.
- 9** Onde se produce o intercambio de gases?
- a. Nos bronquios.
- b. Nos alvéolos.
- c. Na pleura.
- d. No diafragma.
- 10** As pleuras son unhas membranas que serven para:
- a. Filtrar o aire que respiramos.
- b. Facilitar o movemento dos pulmóns na respiración.
- c. Vibrar e producir sons.
- d. Protexer do frío os pulmóns.